Traballo de apoio

Unidade 9

Di se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións:

1. James Fenimore Cooper é o autor de *O último mohicano.*

2. Na obra de Longfellow non se percíbese a influencia de Wordsworth e Keats.

3. John Grenleaf Whittier é un autor de inspiración relixiosa e moral que escribiu *O reformador*, onde presenta a un Deus de ira cambiando de raíz o mundo.

4. Nathaniel Hawthorne ten como gran tema da súa obra o pecado, e publica en 1837 *Contos contados dúas veces*, en 1846, *Musgos dunha vella granxa*, e en 1851 *A imaxe de neve*, despois escribe narracións para nenos (*Contos de Tanglewood*). O conto, en Hawthorne, non ten aínda a carga de realismo.

5. Só dúas destas obras son de Herman Melville: *Redburn*, *Taipi*, *Omoo*, *Blusón branco*, *Billy Budd*, *Mardi*, *Moby Dick, a balea branca*, *Pierre ou as ambigüidades*, *Contos do mirador*, *Benito Cereno*, *As encantadas*, *Israel Potter*, *O impostor*.

6. “Mark Twain” non era o nome verdadeiro, senón o pseudónimo de Samuel Langhorne Clemens.

7. Leconte de Lisle non era poeta parnasiano.

8. *As flores do mal* é un libro de poemas de Baudelaire.

9. Estes libros de Verlaine son de tema erótico: *Paralelamente* (1889); *Mulleres* e *Festas galantes*.

10. A obra de Ibsen caracterízase pola sabia administración do *pathos* dramático (calidade da obra teatral que suscita a emoción no espectador), a construción dos enfrontamentos no cume e a ampliación da linguaxe.

Unidade 9. Respostas ao traballo de apoio

1. Verdadeiro. Comproba no apartado 1.1 da unidade o acerto da túa resposta.

2. Falso. Comproba no apartado 1.2 da unidade o acerto da túa resposta.

3. Verdadeiro. Comproba no apartado 1.2 da unidade o acerto da túa resposta.

4. Verdadeiro. Comproba no apartado 1.3 da unidade o acerto da túa resposta.

5. Falso. Comproba no apartado 1.3 da unidade o acerto da túa resposta.

6. Verdadeiro. Comproba no apartado 1.3 da unidade o acerto da túa resposta.

7. Falso. Comproba no apartado 2.1 da unidade o acerto da túa resposta.

8. Verdadeiro. Comproba no apartado 2.1 da unidade o acerto da túa resposta.

9. Falso. Comproba no apartado 2.3 da unidade o acerto da túa resposta.

10. Verdadeiro. Comproba no apartado 3.1 da unidade o acerto da túa resposta.